

O catedrático de Enxeñeiría Química da USC, Manuel Bao, aposta por sistemas renovables de enerxía térmica para reducir o consumo de electricidade nos fogares

O clima e a orientación xeográfica contribúen a definir as demandas de confort de cada vivanda

Mañá sábado intervirá a arquitecta e urbanista Ester Higuera, que realizará unha exposición sobre os diversos instrumentos de planificación sostible

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2009 (Vía Láctea Comunicación).- A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) celebra desde hoxe a terceira sesión das **Xornadas de Arquitectura Bioclimática**, que este ano alcanzan a súa duodécima edición. Esta tarde o catedrático de Enxeñeiría Química da Universidade de Santiago de Compostela (USC), **Manuel Bao**, ofreceu un relatorio centrado nos problemas enerxéticos que xorden nas edificacións e as posibles alternativas de uso. A conferencia celebrouse ás 19:00 horas no salón de actos do COAG (Casa da Conga, 3. Praza da Quintana).

Manuel Bao explicou as diferentes propostas para integrar a demanda enerxética nunha vivanda, mentres se reducen ao máximo as ferramentas tradicionais, como o gas ou a electricidade. “Non se debe abusar do consumo da enerxía eléctrica (enerxía nobre) para producir calor nunha vivanda e débense usar no seu lugar bombas de calor ou ciclos combinados que produzan enerxía térmica” –apuntou Bao.

O enxeñeiro da USC fixo especial fincapé na función do deseño dunha edificación, xa que a través de diferentes fórmulas pódense conseguir melloras nas eficiencia da vivanda e aproveitar os recursos dispoñibles que xorden dunha boa estruturación dos compoñentes interiores dunha vivanda.

O confort na vivanda

Ademais, Bao indicou que tamén hai que ter en conta a ubicación da vivanda. “O clima e a orientación xeográfica contribúen a definir as demandas de confort de cada vivanda” –explicou o experto. Para alcanzar o confort máis axeitado é consumir a menor cantidade posible de enerxías tradicionais mediante a captación pasiva do edificio: un bo deseño, aproveitamento das correntes internas (cunha renovación natural do aire) e ventilación que evitarán o consumo enerxético elevado.

As xornadas de arquitectura bioclimática continuarán mañá a partir das 10.00 e ata as 14.00 horas coa intervención da arquitecta e urbanista **Ester Higuera**, que ofrecerá un relatorio centrado nos instrumentos de planificación sostible.

SAÚDOS

Prensa COAG-Santiago

981 55 44 07/ www.arquitectosdesantiago.es